



Ribadavia.

JOSÉ RAMÓN ESTÉVEZ PÉREZ

1952

Autodidacta da historia de Ribadavia, ten publicado diversos artigos sobre a historia da vila do Ribeiro en xornais como “La Voz de Galicia”, “La Región” ou “El Faro de Vigo”. Tamén

en “Shajar”, revista da comunidade xudía do Uruguay. Así mesmo ten participado diversos congresos como poden ser “Jornadas D’Historia dels Jueus de Catalunya”, “Curso de Verao da Universidade de Toledo – Cultura Hispano Judía y Sefardí”, e colaborado na organización de exposicións, “A Galiza Xudía”, Pazo de

Bendaña, Santiago, 1994, “Sefardismo en Galiza e a súa proxección histórica”, Teatro Principal de Pontevedra, 1998. Asesor do Centro de Información da Cultura Sefardi de Galicia e Presidente do Centro de Estudios Medievais de Ribadavia.



Os xudaizantes de Ribadavia

José Ramón Estévez Pérez

Ra vila de Ribadavia, que foi sé dunha importante xudería entre os séculos XI e XV, a expulsión dos xudeus de 1492 significou un duro golpe para os seus habitantes no económico e no social. Mais moitos destes xudeus, en vez de iniciar unha nova diáspora, deciden converterse e seguir integrándose na comunidade ribadaviense. Mais, iso si, co velo do bautismo católico continuarán realizando as cerimoniais da relixión dos seus antepasados.

Esta comunidade xudaizante veu-se favorecida por diversas causas:

Unha delas foi o serodio do establecemento do Tribunal da Inquisición na rexión galega, ó que se chamou Tribunal de Santiago pola súa ubicación, mentres no resto da Península xa levaba funcionando moitos anos (o Tribunal de Santiago foi o derradeiro en establecerse). Nun principio a rexión galega dependía do Tribunal da Inquisición de Valladolid, ó que se lle facía difícil poder controlar todo o territorio galego pola súa lonxanía, o abrupto do seu territorio e a dispersión das súas poboacións. Por esta razón obvia foi ineficaz durante un longo período, ata que se decidiu instalar un tribunal en Santiago.

Foron diversos os intentos. O primeiro tivo lugar no ano 1520, cando se nomea ó letrado Maldonado como inquisidor apostólico no Reino de Galicia polo tribunal da Suprema¹. Sen embargo, as dificultades económicas e a hostilidade de diversas institucións (Igrexa e Audiencia) fan que fracase o intento de establecerse, pasando en 1532 a xurisdición, inquisitorial ó Tribunal de Valladolid².

En 1561 téntase de instalalo outra vez, mais volta fracasar, disolvéndose no ano 1567. Será no ano 1574 cando se asenta definitivamente o tribunal en Santiago³.

1. CONTRERAS, Jaime, *El Santo Oficio de la Inquisición de Galicia*, Madrid, 1982, p. 23.
2. *Idem*, p. 25.
3. *Idem*, p. 27.



Outra causa foi o incremento de xudaizantes no Ribeiro de Avia, debido primeiramente á expulsión dos xudeus de Portugal en 1497 e ás persecucións de xudaizantes que levou a cabo o Tribunal da Inquisición de Coimbra, Portugal, en 1522⁴, o que fixo que moitas familias se asentaran definitivamente en Ribadavia e contribuíran deste xeito a ampliar e potenciar a súa comunidade.

Tamén influíu o feito de estar moi unidos entre eles (incluso tiñan certas medidas de seguridade para a súa protección) e o ben avidos que estaban coa comunidade cristiá. Por outra banda, é posible que certos comportamentos e cerimoniais destes xudaizantes pasaran inadvertidas ou non se lles dera demasiada importancia por parte do resto de habitantes da vila, debido, probablemente, ó carácter galego, moi predisposto á lenda e ó máxico.

Todas estas causas favoreceron que os xudaizantes non foran molestados durante un período longo de tempo, co que puideron contribuir ó auxe económico de Ribadavia no século XVI e principios do século XVII. Esta comunidade espallou os seus contactos no século XVI cara sinagogas europeas, sobretudo a de Venecia, na que os conversos portugueses-españois tiñan moita influencia, e

onde tamén controlaban unha parte do comercio marítimo⁵.

Outro grupo de emigrantes conversos instalouse en Baiona (Francia), cos que os criptoxudeus ribadavienses mantiveron contactos moi estreitos, incluso no século XVII, foron vivir alí varias familias (entre elas a familia Piña). Estes conversos permitíronse enviar ós seus fillos estudar ás sinagogas referidas; tal foi o caso de Jerónimo Bautista de Mena, que estudou na sinagoga de Venecia⁶.

No século XVII, a sinagoga que tivo un realce extraordinario foi a de Amsterdam, onde a continua emigración criptoxudía cara estas terras fixo que se vivira outro período dourado da cultura xudía, destacando personaxes tan importantes como Benito Espinoza ou Menasseth ben Israel.

Todas estas emigracións cara estas sinagogas e o seu florecemento, e os seus contactos cos criptoxudeus hispano-portugueses, tiveron gran repercusión, pois foron unha causa importante da potenciación deste criptoxudaísmo⁷. Hai que destacar que Portugal e España nesta época formaban un só país.

A groso modo, os contactos entre os criptoxudeus ribadavienses e as sinagogas europeas e o feito

de que varios dos seus integrantes foran estudar a elas, regresando cos coñecementos aprendidos nas súas aulas, fai que se coñezan e estendan os ritos e cerimoniais da lei de Moisés na vila de Ribadavia.

EDICTO DE FE EN RIBADAVIA E PRIMEIRAS DETENCIÓNS

Todo en Ribadavia transcorría normalmente, a comunidade criptoxudía ou xudaizante convivía cos demais habitantes da vila harmoniosamente. Mais, de súpeto, os cimentos da convivencia estremécense, e un lóstrego de zozobra e medo percorre os corpos dos seus habitantes ó saber que a Inquisición prepara unha publicación de edicto de fe, a celebrarse na igrexa do convento de Santo Domingo, acto que se celebraba con gran pompa⁸.

Un personaxe desta mesma comunidade criptoxudaica entregara ó tribunal de Santiago en 1606 unha lista onde se acusaba a unhas duascenas persoas de crenzas e práctica de ritos xudaicos. Este personaxe foi Jerónimo Bautista de Mena, natural de Ribadavia. Jerónimo Bautista, na súa lista, acusa e inclúe á súa propia familia, comezando pola súa nai Ana Méndez, defunta, ós seus irmáns Ana de Mena, de 17 anos, e Nicolás de sete ou oito anos, que vivían con el, a seus cuñados e irmáns

4. *Idem*, p. 23.

5. MECHOULAN, Henry e NAHON, Gerard, *Menasseh ben Israel. Esperanza de Israel*, Madrid, 1987, p. 18.

6. A.H.N., *Lecí. 2042. Caso de Jerónimo Bautista de Mena*, exp. 51.

7. MECHOULAN, Henry e NAHON, Gerard, *cit.*, p. 18.

8. BARREIRO DE V., Bernardo, *Galicia diplomática. Una audiencia en el Tribunal del Santo Oficio y los edictos de fe*, Pontevedra, 1885, pp. 53-73.




Jacome de Oliveira, Antonio de Morais, Susana Vázquez e Isabel Vázquez⁹, a Felipe Álvarez, boticario, e ós seus fillos Gaspar Álvarez (estudiante en leis), Fernando Méndez e Antonio Méndez, ós irmáns Enrique de Morais (defunto) e Jerónimo de Morais, a súa filla Isabel de Morais e a súa muller Blanca Coronel, ó rexedor de Ribadavia Juan López de Hurtado e á súa muller, Beatriz Méndez, a Marcos López, avogado, e á súa muller, Leonor Gómez, e un sen número máis de familias que caeron en mans do Tribunal do Santo Oficio, a metade de Ribadavia, como o manifesta o escritor Bernardo Barreiro¹⁰.

O Santo Oficio, en Outubro de 1606, por medio do “*licenciado Camarra, que puso audiencia formada en la villa de Ribadavia, nombrando escribano de ella a Alonso de Novoa, y por alguaciles ordinarios con barra de justicia, a Juan de Ybarra, su criado, y Antonio Pereira, cristiano nuevo, y por alguaciles extraordinarios nombró a otras personas. Hicieron muchos abusos, procedieron contra escribanos en razón de sus oficios, como fue contra Juan González y Antonio Seoane, de la villa de Ribadavia*”¹¹.

Na vila ninguén estivo seguro nos anos que precederon a Outubro de 1606, posto que estes señores

non se pararon ante ninguén. Foi moitos anos despois cando saíron á luz os abusos e desfalcos realizados por estes representantes da Inquisición, que chegaron a ser de escándalo. Incluso tivo que intervir o consello da Suprema do Santo Oficio. No ano 1607 realizáronse a maioría das detencións, e

uns acusaban ós outros nas súas declaracións. Uns nos interrogatorios e outros no tormento foron confesando un a un o seu cripto-xudaísmo. Os pais acusaban ós fillos e os fillos ós pais; foron anos terribles para esta comunidade.



Símbolo da Inquisición.

9. CONTRERAS, Jaime, *op. cit.*, pp. 596-597.
10. BARREIRO DE V., Bernardo, *Idem*, p. 71.
11. A.H.N., *leg.* 2891.




JERÓNIMO BAUTISTA DE MENA

Descendente de xudeus, era solteiro. A súa nai, Ana Méndez, dera cartos para que fora estudar ás sinagogas de Venecia, Pisa e Salónica, onde se educou na lei mosaica. Fíxose circuncidar, e cando regresou empezou a predicar esta lei, preciándose de facelo¹². Ensinaba o xeito dos xexúns, aínda que claro está, todo isto ante os xudaizantes, pois ante os cristiáns preciábase de ser todo o contrario. Bernardo Barreiro descríbeo como un hipócrita “*esta hipocresía le conducía a permanecer arrodillado y con los brazos abiertos ante los altares de la iglesia conventual de San Francisco*”¹³. O profesor Contreras cualifícao de “*fanático convertido, que justifica diciendo ante los inquisidores que: no*

era por enemistad por lo que venía a delatar, porque todos son sus conocidos, con los que trata de continuo, sino porque era verdadero católico”¹⁴. Mais, ¿cal foi o principal motivo polo que este home puido encerrar tanto odio no seu

interior e transmitilo deste xeito tan tremendo, incluso sabendo que levaba ós seus irmáns á morte?. A única pista dánola Bernardo Barreiro: “*jamás había perdonado a sus hermanos y cuñados las pequeñas diferencias que existían en el reparto*



O potro foi moi empregado cos reos de Ribadavia.

12. A.N.N., Leg. 2042. Caso de Jerónimo Bautista de Mena, exp. 51.

13. BARREIRO DE V., Bernardo, cit., p. 47.

14. CONTRERAS, Jaime, cit., p. 597.



de sus bienes, y no fiando a la justicia la decisión de su causa alimentaba contra ellos un odio impecable que no se apagaría nunca”¹⁵. Esta acusación ante o Santo Oficio foi a súa satisfacción mesquiña por todo o que acontecerá, non sendo estrano este caso en Galicia, posto que a través da historia as diferencias con respecto a terras e herdanzas remataron con sangue e morte.

Como produto da súa acusación, levantouse contra Jerónimo Bautista de Mena unha oleada de xenreira e odio que foi o que alimentou a súa morte. Así pois apareceu morto un día misteriosamente nunha rúa de Ribadavia¹⁶, o que non é de estranar, e posiblemente o asasinara alguén que se atopaba entre as duascenas persoas acusadas. Cabe destacar que xa facía tempo, algunhas persoas que non pertencían á súa familia tiveron certos altercados con el. Pedro Álvarez dixera na súa confesión “que Jerónimo Bautista de mena era su inemigo por cierta pendencia”¹⁷, aínda que verdadeiramente nunca se soubo quen o asasinou.

Despois de certo tempo, cando xa remataran os procesos no ano 1609 e o Santo Oficio puido reunir as suficientes acusacións contra el, realizouse proceso contra a

súa sona e foi atopado herexe, “y que sus huesos, por estar en parte señalados, fuesen desenterrados y quemados con su estatua”¹⁸, procedemento habitual para defuntos ou ausentes.

DELICTOS DO XUDAÍSMO

Os ritos e cerimoniais da lei de Moisés que eran considerados como herexía e podían ser causa de condea e pena, tal como o describe o tribunal do Santo Oficio, foron os seguintes: respectar o Sábado e non traballar nel; poñer roupa e pescozo limpos neste día; acender o candelabro durante a véspera; cambiar as sabas da cama os Venres; realizar o xexún que chaman Grande e que cae polo mes de Setembro; desovar e desangrar a carne; respectar o xexún da raíña; rezar oracións sen Gloria Patri, rezar o Semag e a Amida e os salmos de David; non comer carne de porco e, por outra banda, non cumprir como cristiáns os ritos da Santa Mai Igrexa. O Santo Oficio aplicaba unha condea determinada segundo a gravidade do delito cometido polo acusado, que oscilaba entre un ano de prisión e morrer na fogueira¹⁹.

Analizando a corenta e dous condenados, neste caso de Ribadavia, as penas impostas detállanse do seguinte xeito:

- Un foi condenado a seis meses de cadea.
- Cinco a un ano de cadea e hábito.
- A cinco déronselles dous anos de cadea.
- Un a catro anos de cadea sen hábito.
- Vinteun foron condenados á cadea perpetua.
- Dous foron relaxados en persoa.
- Catro foron relaxados en estatua por estaren defuntos.
- Un foi absolto.
- Un foi suspenso.

OFICIOS OU PROFESIÓNS

Os xudaizantes procesados en Ribadavia tiñan na súa maioría oficios nobres, querendo interpretar como nobres aqueles que non son nin campesinado nin labor de braceiro. É dicir, que a maioría tiñan oficios, carreiras e postos de certa categoría que lles permitían unha estabilidade económica e benestar social.

Así pois, entre estes encausados atopamos, segundo a súa profesión, a un avogado, un estudante en leis, dous graduados en arte e medicina, un médico, un boticario, dous que vivían da súa facenda, un mercador de peixe, tres mercadores de panos, tres mercadores sen especificar e un

15. BARREIRO DE V., Bernardo, *op. cit.*, p. 47.

16. CONTRERAS, Jaime, *op. cit.*, p. 597.

17. A.H.N., *Leg. 2042*, exp. 51.

18. *Idem.*

19. A.H.N., *Leg. 2042*. Na maioría dos caso estudados, vemos nos expedientes os delitos polos que eran acusados de xudaizar.



xastre. Ademais, un non tiña oficio e de catro non se especifica cal era este. Estes catro últimos debían vivir coas súas familias, posto que a maioría eran xoves. En canto ós cargos políticos, había dous corríxidores de Ribadavia e un alguacil de facenda²⁰. Nesta estatística non se inclúe ás mulleres, pois nos seus procesos non se indicaba o seu oficio (se o tiñan).

Con todo isto, podemos dicir que a maioría dos acusados se atopaba nunha posición económica bastante aceptable, por non dicir inmellorable para os tempos dos que nos ocupamos.

LUGARES DE ORIXE

A maior parte das persoas encausadas era de Ribadavia, mais tamén os portugueses formaban unha componente numerosa debido ás constantes migracións que tiveron lugar nesta época. Hai que recalcar que algúns dos nados en Ribadavia eran descendentes de xudaizantes portugueses. Con todo, o grupo máis numeroso formábano os nados en Ribadavia, co 45% dos condenados estudados. Os portugueses formaban o 23% e o resto (o 32%) os chegados de varias poboacións de Galicia, que na súa maioría eran residentes ou veciños de Ribadavia:

LUGAR DE ORIXE

Ribadavia	19
Portugal	10
Ourense	4
Pontevedra	2
Salvaterra do Miño	2
Verín	1
Chantada	1
Sen especificar	3

IDADES

No que fai referencia ás idades dos encausados, vemos que predominan os xoves.

Homes

Entre 20 e 30 anos	10
Entre 30 e 40 anos	4
Entre 40 e 50	4
Entre 50 e 60	2
Entre 60 e 70	3
Máis de 70	1

Mulleres

Entre 10 e 20 anos	3
Entre 20 e 30	2
Entre 30 e 40	3
Entre 40 e 50	1
Entre 60 e 70	2
Máis de 70	1

OS PROCESOS

Nos procesos seguíase unha orde pautada para todos, como extraído dun rigoroso manual que, efectivamente, existía. Primeirairamente rexistrábase información sobre as persoas acusadas, e se


reunían suficientes probas e testemuñas mandábase prender, e inmediatamente despois secuestrábaselles os bens, pasando ser patrimonio da Inquisición. Seguidamente tentaban atopar máis testemuñas, aínda que en realidade bastara cunha soa.

Entre a entrada na cadea e a primeira audiencia, soía pasar un período longo de cárcere, incluso ás veces un ano. Dábaselles por escrito a súa acusación, e tamén letrado para poder defender a súa causa, o que con frecuencia non lles servía de moito. Se confesaban o seu delicto na primeira audiencia a causa pechábase e dábaselles a condena pertinente, mais se non o confesaban dábanlles as audiencias necesarias ata que se confesaran culpables. Se mantiñan ou non se tiñan as suficientes probas, comunicábaselles que recibirían tormento. Se aínda así continuaban negativos, dábaselles o tormento, normalmente no potro (sistema moi empregado no século XVII). Aínda, a pesares de todo, moitos vencérono soportando estoicamente o sufrimento. Temos de destacar así a María Vázquez, de 60 anos, "*que había vencido el tormento y eso que se le había dado dos vueltas*"²¹. A metade dos procesados do caso de Ribadavia torturáronos con este sistema.

Despois da confesión, que se realizaba a costa de moito sufrimento, eran condenados a unha

20. ESTÉVEZ, José Ramón, *Judíos y judaizantes en Ribadavia*, Girona, 1990.

21. A.H.N., *Leg. 2042*.




determinada pena segundo o tribunal atopara o delicto moi grave, grave ou leve. Debemos recalcar que varios dos condenados puideron saír en liberdade despois de condonar a súa pena por unha certa cantidade de cartos, como no caso de Simón Pereira²².

AUTOS DE FE

Os autos de fe celebrábanse con gran despregue de medios e a toda pompa, e podían ser públicos ou privados. Estes últimos nunha igrexa. Os públicos, no tribunal de Santiago, realizábanse na Praza da Quintana, actualmente chamada Quintana dos mortos, onde asistía numeroso público a tan cruel manifestación. No caso de Ribadavia, 28 dos acusados foron protagonistas do auto público de fe que se celebrou en Santiago o 11 de Maio de 1608. Todos desfilaron co hábito (ou “sambenito”)²³. Aqueles que eran entregados ó brazo segrar e relaxados en persoa, como Felipe Álvarez e o seu fillo Antonio Méndez, de 21 anos, se se arrepentían, normalmente eran agarrotados antes de mandalos á fogueira, pero se non se arrepentían eran enviados directamente a ela.

O Domingo 22 de Febreiro de 1609, na igrexa catedral de Santiago celebrouse un auto par-



Martirio del Santo Niño

22. CONTRERAS, Jaime, op. Cit., p. 546.

23. A.H.N., Leg. 2042, exp. 45. Ó rematar o expediente especificase o lugar, a data e as persoas que formaban o tribunal de Santiago.




Aos condenados púñaselles o traxe de S. Bieito. Os arrepentidos eran agarrotados e levados á fogueira.



ricular de fe, onde se deron diferentes penas a sete reos concernentes ó caso de Ribadavia. As menos graves foron para Isabel Rodríguez, de quince anos “*que guardase carcelería durante seis meses, donde les pareciese a los inquisidores*”²⁴ e Phelippa Rodríguez, irmá da anterior e de dezasete anos, gardando tamén carcelería durante un ano²⁵, aínda que outros tiveron mellor sorte, como sucedeu con Francisco Chaves e Silva, a quen absolveron despois dun longo proceso no cal a súa propia memoria e o feito de coñecer perfectamente as súas terras servíronlle para a súa defensa ante os seus acusadores²⁶. Algúns fuxiron a Francia, exactamente a San Juan de Luz e Bayona, como nos casos de Diego Fernández, o licenciado Piña e Isabel Luz, e integrándose nas comunidades xudías destas poboacións.

RESUMO

Hai que destacar o convencidos que estaban algúns dos procesados, como no caso de Felipe Álvarez, que confesou ter vivido 23 anos como xudaizante “*creyendo que la ley de Moisés era buena para salvar el alma en su observancia y hacer dichas ceremonias, que eran obras meritorias para ir al cielo*”²⁷, aínda que realmente algunhas persoas que seguían crendo na



Auto de Fe.
Gravado de Goya.

24. A.H.N., Leg. 2042, exp. 49.

25. Idem.

26. A.H.N., Leg. 2042, exp. 50.

27. A.A.N., Leg. 2042, exp. 45.



Faldóns de Edictos de Fe que se colgaban nas igrexas.
Neles aparecían os nomes dos condeados e incluso as súas figuras.

Foto de Juan J. Puig

lei de Moisés tiñan ideas algo confusas sobre esta relixión, posto que non contaban con persoas moi versadas nela. Mais todo cambiou máis tarde, principalmente pola ilusión e empeño postos por moitos membros do grupo ó enviar a varios xoves da comunidade a aprender a lei nas sinagogas europeas. Isto, e os continuos contactos que tiveron con elas, supuxo un importante florecemento e coñecemento da lei mosaica na comunidade galega. Debemos tamén recalcar que moitos dos condenados eran

descendentes de xudeus, como se manifesta nos seus procesos.

Anos despois destes procesos, algunhas persoas saíron en liberdade, como Simón Pereira ou Isabel de Morais, que tiña 26 anos e fora condenada a 2 anos de cadea. Ela era viúva de Antonio de Sosa, escribán, e cando saíu da cadea casou de novo con Antonio Álvarez, e en 1618 sae nun documento librando preito contra eles o alguacil maior do Santo Oficio sobre certas cantidades de cartos endebedados sobre o censo²⁸.

Despois de ver todo isto preguntámonos por que Ribadavia estivo sempre ben predisposta cara ó tema xudeu, dende este histórico proceso ata os nosos días, sacándoo a relucir con frecuencia na súa historia, nas súas festas e as súas tradicións. Por exemplo, atopamos a tradición da festa da "Istoria", que se representou ata a revolución de 1868, e que actualmente segue a representarse, festa que ten que ver coa historia do pobo xudeu, ou a famosa comparsa dos gardas xudeus en Entroido, nos

28. FERRO COUSELO, Jesús, *Catálogo de libros de la sección de clero*, Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Ministerio de Cultura, Madrid, 1980, p. 181.

Documentos de Santo Domingo de Ribadavia, 1075, Preito executivo promovido por Lope Osorio de Mercado, alguacil maior do Santo Oficio e rexedor de Santiago, contra Antonio Álvarez e a súa dona Isabel de Morais, e consortes sobre diversas cantidades de cartos que estes endebedaban dun censo. 1608-1618.

A.H.N.- Arquivo Histórico Nacional, Madrid.

Sección Inquisición. Tódolos mazos referidos nestas notas bibliográficas atópanse incluídos nesta sección.



anos trinta, na que máis dun dos nosos avós participou, o mesmo que hai algúns anos soía alardearse de ter nacido ou vivir no barrio xudeu. É posible que sexa

simplemente un caso insólito ou coincidente, ou ben que nos atopemos definitivamente ante un caso singular da memoria e tradición dun pobo.

RELACIÓN DE XUDAIZANTES DE RIBADAVIA CONDENADOS POLA INQUISICIÓN (A.H.N.) LEG. 2042

ANO 1608

Penitenciados con abxuración de vehementi pola Lei de Moisés

Leonor Gómez, de 68 anos, abxurar de vehementi; perde-la metade dos seus bens e pasar na cadea da penitencia catro anos sen hábito.

Reconciliados pola Lei de Moisés

Antonio Blandon, de 27 anos; confiscación de bens, hábito e cadea un ano.

Ana de Mena, de 19 anos, muller de Eduardo Coronel; confiscación de bens, hábito e cadea un ano.

Fernando Álvarez, de 44 anos; confiscación de bens, hábito e cadea un ano.

Juan López Hurtado, de 40 anos, rexedor de Ribadavia; confiscación de bens, hábito e cadea dous anos. Hai que ter en consideración que lle quedaban catro fillos pequenos, dous deles cegos, posto que á súa muller déuselle hábito e cadea perpetua.

Duarte Coronel, de 30 anos; confiscación de bens, hábito e

cadea de dous anos.

Susana Vázquez, muller de Jacome de Oliveira, de 22 anos; confiscación de bens, hábitos e cadea dous anos.

Jorge Álvarez, de 44 anos; confiscación de bens, hábito e cadea dous anos. A nota do Tribunal da Inquisición di así: *“En esta causa y en otras semejantes habían de poner pena de cárcel perpetua, y en la causa que el reo confesase en el tormento, cárcel perpetua e irremisible”*.

Pedro Álvarez, de 26 años, alguacil da facenda; confiscación de bens, hábitos e cárcere dous anos (foi un dos acusados por Jerónimo Bautista de Mena).

Antonio Vázquez, de 34 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Manuel Gómez, de 42 anos, confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Fernando Álvarez, de 23 anos; confiscación de bens, hábitos e cadea perpetua.

Jerónimo de Morais, de 60 anos, rexedor da vila; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Antonio de Morais, de 36 anos. confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Fernando Gómez, de 52 anos;

confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Jacome de Oliveira, de 24 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Inés Díaz, de 40 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Ginebra Vázquez, muller de Pedro Fernández, de idade de 72 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Pedro Fernández, de 71 anos, mercador; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Beatriz Méndez, muller de Juan López Hurtado, rexedor da vila, de 50 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

Fernando Méndez, fillo de Felipe Álvarez, de 23 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua *“y que en todo el tiempo de su vida no llegue a puertos de mar, con 10 leguas alrededor ni salga de estos reinos de Su Majestad, so pena de impenitente relapso”*.

Simón Pereira, de 26 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua. Idem da nota anterior.

Antonio de Morais, de 43 anos, vive da súa facenda; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua e irremisible.

Pedro Fernández, de 39 anos:



confiscación de bens, hábito e cadea perpetua e irremisible.

Antonio Vázquez, médico de 26 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua irremisible.

Gaspar Álvarez, estudante, fillo de Felipe Álvarez, boticario, de idade de 20 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua e irremisible.

Felipe Álvarez, boticario de 60 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua, "*Consultando a la Suprema, mando que la cárcel y hábito fuese irremisible*". (Relaxado en persoa).

Antonio Méndez, fillo de Felipe Álvarez, 21 anos; confiscación de bens e relaxado en persoa.

MARZO E XULLO DE 1609

Votados por xudaizantes

Antonio Pereira, suspenso.

Alonso Rodríguez de Morais, defunto, "*que se mire si hay más testificaciones o procédase contra su fama y memoria*".

Condenados polo delicto do xudaismo con abxuración de vehementi

María Vázquez, viúva de Lucas Rodríguez, de 60 anos; condenada a un ano de cadea sen hábito "*y a pagar cincuenta mil mrs. para gastos de este Santo Oficio*".

Penitenciados pola lei de Moisés

Isabel Rodríguez, filla de Fernando Álvarez, de idade de 15 anos; confiscación de bens e con hábito penitencial "*el cual le sea quitado luego que sea absuelta, que estuviere seis meses de cárcel en la parte que pareciese a los inquisidores*".

Phelippa Rodríguez, filla de Fernando Álvarez, de idade de 17 anos; confiscación de bens e hábito penitencial, "*el cual se le quitó habiéndole absuelto y que parte de un año lo guarde cárcel en la parte que ordenen los inquisidores*".

Isabel de Morais, viúva de Antonio N. de Sosa, escribán, de idade de 26 anos; confiscación de bens, hábitos y cárcere dous anos.

García de Sousa, de idade de 40 anos, muller de Antonio Vázquez, mercador reconciliado; confiscación de bens, hábito e cadea dous anos.

Catalina de León, de idade de 32 anos, muller de Hernando Álvarez; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua, "*y que al otro día se le diesen doscientos azotes por las calles públicas, por fautor y encubridor de herejes y encubridor de sus bienes, y por rebosante vario en sus declaraciones y tardo mal confidente*".

Francisco de Chaves y Silva, de 53 anos; absolvérono.

1 DE SETEMBRO DE 1609 A FINS DE AGOSTO DE 1610

Relaxados en estatua por xudaizantes

Blanca Vázquez, defunta, muller de Fernán Gerónimo; "*fue votado que la rea fuese declarada haber sido hereje, apóstata y como tal fuese condenada su memoria y se sacase su estatua a la iglesia catedral donde se le leyese su sentencia y se relajase a la justicia y brazo seglar*".

Ana Méndez, defunta, muller de Gonzalo Vázquez; foi votado o mesmo que na anterior.

Marcos López, licenciado, defunto; votouse o mesmo que nos anteriores casos.

Jerónimo Bautista de Mena, mozo solteiro, defunto: votouse en consulta o mesmo que nos anteriores casos "*y que sus bienes, por estar en parte señalados, fuesen desenterrados y quemados con su estatua*".



Familia xudía celebrando a "pesaj".